

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio un escrito de D. Alfredo Pazos Gonzalez, en calidade de presidente da xunta rectora de montes veciñais en man común de Freande e Couso, con data 20 de febreiro de 1996, solicitando a transformación en convenio dos consorcios dos monte "Comunal de Freande e Couso", OR-3148, "Perdigueiro", OR-2053 e "Alá Enriba", OR-3139 na parte pertencente ós veciños de Freande e Couso.

2º.- Que se acompaña no mesmo escrito certificación do secretario da comunidade D. Agustín Rivela Carballo, na que se fai constar que en asemblea extraordinaria, en data 29 de xaneiro de 1996, se tomou a acordo de iniciar ós trámites para a subscripción do convenio e facultar o presidente D. Alfredo Pazos González para realizar as xestións necesarias incluída a sinatura do mesmo.

3º.- Que en sesión do 9 de novembro de 1977, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común, tomou o acordo de clasificar o monte Comunal de Freande do Concello de Sarreaus sendo firme o acordo o non ter reclamacións presentadas en prazo.

4º.- Que o monte veciñal en man común de Freande e Couso que se quere convenir se compon de 158,20 Hás. das cales 106,50 Has. constitúen o consorcio do "Comunal de Freande" (OR-3148) na súa totalidade; 34,90 Has. do consorcio "Perdigueiro" (OR-2053) que ten unha superficie total de 58,00 Has e 16,80 Has. do consorcio "Alá Enriba" (OR-3139) que ten unha superficie total de 151,00 Has.

5°.- Que os traballos de repoboación imputables os consorcios dos montes "Comunal de Freande e Couso2 (OR-3148), "Perdigueiro" (OR-2053) e "Alá enriba" (OR-3139) comezaron nos anos 1971, 1952 e 1968 respectivamente.

6°.- Que o estado de contas do monte "Comunal de Freande e Couso" OR-3148 é o seguinte:

ATA O 9 NOVEMBRO DE 1977

-GASTOS:

-Traballos:	1.804.011.-Ptas.
-Gardería: 205 ptas./Ha.x106,5Ha. ..	21.832.- "
-Administración: 7,85% s/1.804.011..	<u>141.615.- "</u>
TOTAL GASTOS	1.967.458.-Ptas.

-INGRESOS

-Aproveitamentos maderables:.....	47.438.-Ptas
-Condoación débeda Lei 13/1989	<u>1.920.020.- "</u>
TOTAL INGRESOS	1.967.458.-Ptas

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

DENDE O 9 DE NOVEMBRO DE 1977 ATA O 31-12-1995

-GASTOS:

-Traballos:	5.282.786.-Ptas
-Gardería: 950 ptas/Ha.x106,50 Ha.	101.175.- "
-Administración: 7,85" s/5.282.786	<u>414.699.- "</u>
TOTAL	5.798.660.-Ptas

-INGRESOS:

-Aproveitamentos maderables:	<u>1.831.933.-Ptas</u>
TOTAL	1.831.933.-Ptas

RESULTA UN SALDO NO MONTE "COMUNAL DE FREANDE E COUSO" OR-3148 DE:

G - I = 5.798.660 Ptas. - 1.831.933 ptas. = 3.966.727 Ptas.
A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

7°.- Que o estado de contas do monte "Perdigueiro" OR-2053 na parte correspondente os veciños de Freande e Couso é o seguinte:

ATA O 9 DE NOVEMBRO DE 1977

-GASTOS:

Total do Consorcio:	2.343.991.- Ptas.
-Pasados o M.Perdigueiro 321/5584:	1.883.606.- "
-Resulta un saldo de:	460.385.- "

Corresponde a parte de "Freande e Couso":

-Traballos: 460.385ptsx34,9Ha./58Ha.	277.024.- Ptas.
-Gardería: 625pts./Ha.x34,9 Ha.	21.812.- "
-Administración: 7,85%%s/277.024pts.	<u>21.746.- "</u>
TOTAL GASTOS:	320.582.-Ptas.

-INGRESOS:

-Aproveitamentos maderables	0.-Ptas.
-Condoación débeda lei 13/1989	<u>320.582.- "</u>
TOTAL INGRESOS:	320.582.-Ptas.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da clasificación.

DENDE O 9-11-1977 O 31 DE DECEMBRO DE 1995

-GASTOS:

Gastos totais do Consorcio	9.929.713.-Ptas.
-Pasados o M. Perdigueiro 321/5584	7.979.414.- "
-Resulta un saldo de:	1.950.299.- "

Corresponden a parte de Freande e Couso:

-Traballos: 1.950.299x34,9Ha./580 Ha.	1.173.542.-Ptas
-Administración; 7,85%/1.173.542 Pts.	92.123.- "
-Gardería: 950 ptas./Ha.x34,9 Ha.	<u>33.155.- "</u>
TOTAL GASTOS:	1.298.820.-Ptas

-INGRESOS:

Totais do Consorcio	14.886.190.-Ptas
-Pasados o M. Perdigueiro 321/5582	11.962.387.- "
-Resulta un saldo de:	2.923.803.- "

Corresponden a parte de Freande e Couso:

-Aproveitamentos maderables:

2.923.803 ptas. x 34,9 Ha./58,0 Ha.:	<u>1.759.323.-Pts</u>
TOTAL INGRESOS:	1.759.323.-Pts.

RESULTA UN SALDO DO MONTE "PERDIGUEIRO" (OR-2053/, NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE FREANDE E COUSO DE:

G - I = 1.298.820.-Ptas. - 1.759.323.-Ptas.= 460.503.-Ptas.
A FAVOR DOS VECIÑOS DE FREANDE E COUSO.

8º.- Que o estado de contas do monte "Alá Enriba" OR-3139, na parte correspondentes os veciños de Freande e Couso é o seguinte:

ATA O 9 DE NOVEMBRO DE 1977

- GASTOS:

Totais do Consorcio:	1.483.482.-Ptas.
----------------------------	------------------

Corresponden a parte de Freande
e Couso.....

-Traballos: 1.483.482x16,8Ha./151Ha.	165.050.-Ptas.
-Administración: 7,85% ^s /165.050.-Ptas.	12.956.- "
-Gardería: 292 Ptas./Ha.x16,80Ha.	<u>4.905.- "</u>
TOTAL	182.911.-Ptas.

-INGRESOS:

Totais do Consorcio	0.-Ptas.
Condoación débeda lei 13/1989	<u>182.911.- "</u>
TOTAL	182.911.-Ptas

Resulta un saldo de CERO pesetas na data da
clasificación.

DENDE O 9-11-1977 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1995

-GASTOS:

Totais do Consorcio:	6.333.747.-Ptas
Corresponde a parte de Freande e Couso	
-Traballos: 6.333.747x16,8Ha/151Ha.	704.682.- "
-Administración: 7,85% ^s /704.682.-Pts.	55.318.- "
-Gardería: 950 pts./Ha.x16,80 Ha.	<u>15.960.- "</u>
TOTAL	775.960.-Ptas.

-INGRESOS:

Totais do Consorcio:	2.712.312.-Ptas
Corresponde a parte de Freande e Couso	
2.712.312x16,8pHa./151 Ha.	<u>301.767.- "</u>
TOTAL	301.767.-Ptas.

RESULTA UN SALDO DO MONTE "ALA ENRIBA" OR-3139 NA PARTE
CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE FREANDE E COUSO DE:

G - I = 775.960 ptas. 301.767 Ptas. = 474.193.-PTAS. A FAVOR
DA XUNTA DE GALICIA.

9º.- Que a débeda total do monte que se vai convenir é a seguinte:

DO MONTE "C. DE FREANDE E COUSO" OR-3148....	3.966.727.-Ptas
DO MONTE "PERDIGUEIRO", OR-2053	- 460.503.- "
DO MONTE "ALA ENRIBA" OR-3139	<u>474.193.- "</u>
TOTAL	3.980.417.-Pts.

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobe o convenio do monte si procede coas seguintes bases:

NOME: MONTE DE FREANDE.

ELENCO: 32155106

SUPERFICIE: 158,20 Hás.

PERTENZA: Veciños de Freande e Couso

CONCELLO: Sarreaus

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta do convenio: 3.980.417.-

Ptas. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que o tratarse da transformación da totalidade do consorcio do monte "Comunal de Freande e Couso" (OR-3148), a conta de gastos e ingresos do mencionado consorcio, é de CERO PESETAS.

3º.- Que no sucesivo o consorcio "Perdigueiro " OR-2053 teña as seguintes características:

Nome: Perdigueiro.

Elenco: OR-2053

Superficie: 23,10 Hás.

Pertenza: Lodoselo

Concello: Sarreaus.

A restar da conta de gastos: 1.450.566,-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 1.759.323.-Ptas.

4º.- Que no sucesivo o consorcio "Alá Enriba" OR-3139 teña as seguintes características:

Nome: ALÁ ENRIBA

Elenco: OR-3139

Superficie: 134,20 Has.

Pertenza: Varios

Concello: Sarreaus.

A restar da conta de Gastos: 869.732.-Ptas.

A restar da conta de Ingresos: 301.767.-Ptas.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 24 de outubro 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo: Plácido Baamonde López.



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.


ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación en Convenio dos consorcios dos montes "Comunal e Couso", OR-3148, "Perdigueiro", OR-2053 e "Ala Enriba, OR-3139, na parte pertencente ós veciños de Freande e Couso, de 158,20 Hás. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 18 de setembro de 1996.



A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'María Díz Rodríguez'.

Asdo.: María Díz Rodríguez.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio, coas seguintes bases:

Nome: "MONTE DE FREANDE".

Elenco: 32155106.

Superficie: 158,20 Hás.

Pertenza: Veciños de Freande e Couso.

Concello: Sarreaus.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interes sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial da conta do convenio: 3.980.417.-Ptas.

A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que o tratarse da transformación da totalidade do consorcio do monte "Comunal de Freande e Couso" (OR-3148) a conta de Gastos e Ingresos do mencionado consorcio, é de CERO PESETAS.

3º.- Que no sucesivo o consorcio "Perdigueiro" OR-2053 teña as seguintes características:

Nome: Perdigueiro.

Elenco: OR-2053

Superficie: 23,10 Hás.

Pertenza: Lodoselo.

Concello: Sarreaus.

A restar da conta de gastos: 1.450.566.-Ptas.

A restar da conta de ingresos: 1.759.323.- Ptas.

4º.- Que no sucesivo o consorcio "Alá Enriba", OR-3139 teña as seguintes características:

Nome: Alá Enriba.

Elenco: OR-3139

Superficie: 134,20 Hás.

Pertenza: Varios

Concello: Sarreaus.

A restar da conta de gastos 869.732.- Ptas.

A restar da conta de ingresos: 301.767.-Ptas.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 1996.

O CONSELLEIRO

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	321	55106
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, POR DELEGACION DO Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da representación que legalmente ostenta. ORDE DO 13.12.1993

Da outra, D. ALFREDO PAZOS GONZALEZ, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE FREANDE, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas dos ANOS 1952, 1968, 1971 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) ~~A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE FREANDE Y COUSO

e son os que a continuación se describen:

Denominación: MONTE VECINAL EN MANO COMUN DE FREANDE

Termo municipal: SARREAUS

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: MONTE VECINAL EN MAN COMUN PERTENCENTES OS VECINOS DE FREIJE Y COUSO

Límites:

N.: TERMINO Y MONTES DE VILLARINO Y DE PARADINA

S.: MONTES DE LODOSÉDO

L.: TERMINO MUNICIPAL DE LAZA

O.: TERMINOS Y MONTES DE FREIJO Y MONTE "Ala Enriba" de veciños de Freijo, Saas, Sarreaus y Tarrazo.

Superficie: 158,20 Has.

Estado forestal: REPOBLACION FORESTAL DE PINO PINASTER Y PINO SYLVESTRIS

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: VECINOS DE FREIJE Y COUSO

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 106,50 Has. (OR-3148); 34,90 Has. (OR-2053); 16,80 Has. (OR-3139)

Sen vexetación arbórea: -----

Servidumes: ALGUNHA DE PASO

3ª.— O chan continuará pertencendo a OS VECINOS DE FREIJE Y COUSO

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualizar as contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta consideraranse anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2053; OR-3139; OR-3148

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o ----- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER
PINUS SYLVESTRIS E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDERE OPTIMA PARA OS MONTE

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSÉ MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común denominado "DE FREANDE", a favor dos veciños de Couso e Freande, no concello de SARREAUS.

2.— Que, así mesmo, figura Don ALFREDO PAZOS GONZÁLEZ -----, e Don AGUSTÍN RIVELA CARBALLO -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, desde o 20 setembro 1993 ata 20 setembro 1997.

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense -----, a 29 de maio de 1993



Don AGUSTIN RIVELA CARBALLO -----, Secretario de LA JUNTA DE MONTES DE FREANDE

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 29 DE XANEIRO DE 1996 estando designado Don ALFREDO PAZOS GONZALEZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en FREANDE

a TRES de MARZO de mil novecientos noventa e SEIS.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,

O PRESIDENTE

Asdo.: ALFREDO PAZOS GONZALEZ

Asdo.: AGUSTIN RIVELA CARBALLO

D. ~~CARLOS DEL AXAMO XIMENEZ~~ TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO,
P/D

O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez (O.do 13/12/93)